



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO SINGULAR NA PARROQUIA DE QUINTELA", DENTRO DA CATEGORÍA DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (*DOG* núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, NIF Q1500273F, no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 21 de xullo de 2021 (*DOG* núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Julio César Garcia-Luego Pérez, na súa condición de alcalde do Concello de Crecente, NIF P3601400I, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas as dúas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións da contorna rural para a mellora da calidade de vida da poboación. Manter a funcionalidade dos elementos e espazos con valor cultural e social e devolverlles o uso que tiñan para que a veciñanza os recupere e goce, así como o tratamento integral da súa contorna, é fundamental para acadar unha mellora nas condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia. Todo isto, dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas e de mellorar a estrutura do territorio para poder fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (*DOG* núm. 251, do 29 de decembro).





A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (*DOG* núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase á Axencia como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Entre as súas funcións está promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros ás Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>). As regras deste acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Crecente para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e presta os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciña. No ámbito destas





competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Crecente, como entidade máxima da representación do seu territorio, debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 2 de decembro de 2025 o Concello de Crecente presentou unha solicitude de colaboración a esta Axencia para financiar un proxecto senlleiro dentro da categoría promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Xunto coa solicitude achegou o proxecto técnico para a *Recuperación de espazo público singular na parroquia de Quintela*, asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas e enxeñeiro civil colexiado D Diego Conde Rodríguez.

A parroquia de Quintela conta con varios núcleos de poboación próximos entre si pero segmentados pola estrada autonómica PO-400 que a atravesa de norte a sur.

No seu momento os veciños localizaron na contorna próxima á Igrexa Parroquial de San Caetano un local social para uso veciñal e un espazo ao aire libre que se viña utilizando como parque, área recreativa, zona de descanso, celebracións e festividades gastronómicas, etc. principalmente as fins de semana, despois de misa, para celebrar xuntanzas e reunións, merendas, etc ..., dada a proximidade á igrexa parroquial (escasos 50 metros), nunha parcela cunha superficie aproximada de 1.035 m².

No interior da parcela localízase mobiliario urbano que se foi colocando ao longo dos anos (elementos de xogos biosaudables, bancos, papeleiras e outros elementos), actualmente vandalizados e en desuso. Nestas circunstancias o concello optou por non permitir o seu uso, polo que a contorna perdeu o seu carácter de elemento de cohesión social e dinamizador da vida da parroquia.

De acordo con este documento, prevese crear un espazo remodelado destinado a usos variados: parque infantil, unha zona de carreiro que terá un percorrido por toda a parcela entre as árbores que se van plantar, e outra zona con elementos biosaudables para uso das persoas maiores da parroquia. Ademais, dotarase de merendeiros, bancos e demais mobiliario para dotar ao espazo dunha contorna adecuada para a multitude de actividades que se pretenden realizar no espazo singular de Quintela.

A reforma destes elementos é unha demanda veciñal para mellorar a calidade de vida no Concello de Crecente a través da recuperación de elementos que dinamicen a vida social da parroquia e faciliten as relacións veciñais, ao ser un punto de encontro dos habitantes do concello, o que incentiva o desenvolvemento da comarca.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para realizar esta actuación dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca. Ademais debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de





Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Dinamización da vida socioeconómica e cultural da zona.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Mellora dos tecidos culturais, educativos e produtivos.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.

Por outra parte, as actuacións propostas cumpren o requisito C) previsto para a categoría C) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

*C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:*

a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.

b. Actuar en relación ao patrimonio inmaterial da comarca para recuperalo, conservalo, protexelo, divulgalo ou desfrutalo.

c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado neste apartado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia), sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- Os termos municipais dos Concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos Concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.





- d. Os parques empresariais situados no territorio dos Concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto técnico presentado polo Concello de Crecente para a Recuperación de espazo público singular na parroquia de Quintela dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

Cuarto.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través da categoría de proxecto senlleiro en que se encadra, conforme ao Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022) e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola Axencia.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte:

O proxecto responde á necesidade de realizar actuacións de remodelación da contorna para o seu uso por parte dos veciños de Quintela e calquera usuario que poida visitar a contorna.

Estas actuacións de remodelación dun espazo público singular na parroquia de Quintela considéranse de vital importancia xa que se trata dun espazo cuxo valor principal é de mellorar as condicións de vida dos habitantes da parroquia principalmente, así como do resto do municipio e evitar o seu despoboamento.

A actuación que se define no presente proxecto está dirixida a reforzar a base social da zona rural de Quintela, valorizando os recursos e mellorando a calidade de vida dos habitantes. Con esta proposta conseguírase reforzar o tecido social da parroquia, habilitando un novo punto de encontro de toda a veciñanza e de todas as idades, tanto nenos, adultos ou persoas de maior idade, e que no mesmo espazo compartirán actividades. Ademais, a cooperación entre as familias promoverá a mellora da capacidade organizativa da contorna.

A remodelación e recuperación deste espazo para os veciños de Quintela contribuirá a mellorar a súa calidade de vida e a fixar esta poboación na contorna rural de Crecente.

Así pois, entre os obxectivos que se pretenden lograr con este proxecto de recuperación do espazo singular poderíanse mencionar a intención de preservar os valores sociais, culturais da comarca, xa que o espazo contará cunha área habilitada para celebrar





festividades ou xuntanzas tradicionais ao aire libre como magostos, festas do viño, da vendima, entroido, comidas populares, festividades relixiosas, etc.

Todas estas actuacións favorecerán a mellorar e dinamizar a vida socioeconómica da contorna, as relacións veciñais e promover o desenvolvemento e fomento de actividades culturais e que na actualidade non conta cun espazo apropiado para facelo ao aire libre.

Coa recuperación da contorna arbustiva, unha vez que se planten árbores autóctonas, poñerase en valor os produtos da terra e tradicionais. Poderase crear unha aula interpretativa da contorna, tanto da vexetación autóctona como a posta en valor del Río Miño que atravesa a parroquia, e sobre o que se pode poñer en valor a pesca tradicional de lamprea ou a importancia do río como fronteira con Portugal para os veciños da parroquia ao longo dos séculos.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca mediante a RECUPERACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO SINGULAR na PARROQUIA DE QUINTELA, tal e como se define no proxecto técnico presentado polo concello de Crecente o 2 de decembro de 2025 e asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas e enxeñeiro civil Colexiado D Diego Conde Rodríguez.

Estas actuacións constitúen necesidades prioritarias a acometer para a garantir o seu uso con todas as garantías de seguridade, accesibilidade e disfrute por parte dos veciños da comarca.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

Prevese crear un espazo remodelado destinado a usos variados: parque infantil, unha zona de carreiro que terá un percorrido por toda a parcela entre as árbores que se van plantar, e outra zona con elementos denominados biosaudables para uso polas persoas maiores da parroquia.

Ademais, dotarase de merendeiros, bancos e outro mobiliario para dotar ao espazo dunha contorna adecuada para a multitude de actividades que se pretenden realizar no espazo singular de Quintela.

As actuacións previstas descríbense a continuación:

-Movemento de terras e muros: preparar a explanada para regularizar e nivelar o terreo Realizar un muro de contención no lateral noreste con pedra de mampostería granítica, reforzar o muro do lindeiro sureste, e o recheo con terra para regularizar la explanada e conseguir que a pendente lonxitudinal da parcela sexa adecuado.





-Instalacións: Proponse a canalización dunha liña de alumeado e outra de abastecemento de auga.

-Urbanización: Proponse a pavimentación do viaria de acceso. Non interior da parcela, executarase un pavimento formado por unha celosía prefabricada de formigón, que permitirá o crecemento de vexetación nos ocos intermedios. Executarase un pequeno carreiro de 1,50 m de ancho e que circulará polo interior do espazo singular, habilitando unha zona na que contemplar as vistas, facilitar o desprazamento entre árbores, etc.

-Pavimentos parque infantil

O espazo destinado a parque infantil estará delimitado por un bordo de formigón. Entre bordos actuarase con saburra, cunha subbase cun encachado de pedra silíceo e sobre esta unha capa de 15 cm de espesor de formigón armado. Este pavimento será a base para o pavimento final do parque infantil. Inclúese a colocación dun xeotéxtil para illar a capa de encachado do terreo natural e do formigón.

-Mobiliario Parque Infantil

Executarase un pavimento que absorba as caídas e golpes, con caucho continuo de 40 mm. de espesor. Procederase a colocar xogos individuais e modulares. O parque delimitarase cun valado metálico de aceiro galvanizado coas cores do arco da vella.

- Mobiliario e xardinería: colocarase mesas merendeiros de pedra granítica ou similar acabado, unha fonte de fundición, papeleiras, bancos con brazos, e elementos biosaudables. Delimitarase a parcela en todo ou seu perímetro, En canto a xardinería inclúese a plantación de Quercus robur (carballos) e de Castanea Sativa (castiñeiros) .

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos que se detallan no Anexo I "Orzamento" e cumpran as condicións que se detallan na memoria presentada.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Crecente

O Concello de Crecente comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Xunta de Galicia para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.





O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Crecente cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento o Concello de Crecente deberá acreditar estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

O Concello de Crecente comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio. En todo caso realizarase unha visita ao lugar da operación para comprobar a realidade dos investimentos con carácter previo ao pagamento final do expediente.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO SINGULAR NA PARROQUIA DE QUINTELA" a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo I deste convenio, ascende a CENTO CINCUENTA E OITO MIL OITOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CATROCE CÉNTIMOS (158.864,14 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

• Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	127.091,31 €
• Concello de Crecente:	20%	31.772,83 €
TOTAL	100%	158.864,14 €

A achega da Axencia realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación:





Aplicación orzamentaria 2026 15.A1.712A.760.0 Código proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2026	127.091,31 €
	127.091,31 €	

O expediente tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable.

O importe da subvención aboarase logo da presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e logo da solicitude por parte do Concello interesado, poderá efectuarse un pagamento anticipado que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a la subvención, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento final realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Crecente do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.





QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas no proxecto por importe de CENTO CINCUENTA E OITO MIL OITOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (158.864,14 €), dos cales CENTO VINTE E SETE MIL NOVENTA E UN EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (127.091,31 €) serán financiados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e TRINTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (31.772,83 €) polo Concello de Crecente.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o **15 de outubro de 2026** sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2026.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente por medio do procedemento xenérico <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación emitida e asinada electronicamente pola secretaría da entidade local beneficiaria, en que se faga constar:
 - O acordo da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - Que na tramitación e contratación das obras se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das





administracións públicas, con indicación do procedemento seguido para a súa tramitación.

- Factura/s rexistradas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da administración xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- Xustificantes bancarios do pagamento (transferencia bancaria ou certificación bancaria).
- Certificación/s de obra asinada/s polo/a director/a de obra.
- Acta de recepción das obras.
- Declaración asinada pola persoa titular da alcaldía de que o concello beneficiario está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, para os efectos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 11/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Acreditación da colaboración da Axencia e da Xunta de Galicia (na publicidade das actuacións subvencionadas).
- Imaxes fotográficas das actuacións realizadas.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente. Segundo se indica no informe técnico que se incorpora a este expediente, para a execución deste proxecto é necesario o informe da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Xunta de Galicia.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.





No caso de que o Concello de Crecente non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá a perda do dereito ao cobro da axuda e, de ser o caso, ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificatevos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Crecente acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de outubro de 2026, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Crecente a persoa titular da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural como representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMO SEGUNDA.- Extinción do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.





DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data que figura no mesmo.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Alcalde do Concello de Crecente
Julio César García-Luego Pérez





ANEXO I

Orzamento

RECUPERACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO SINGULAR. PARROQUIA DE QUINTELA

RESUMEN DE PRESUPUESTO

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
1	MOVIMIENTO DE TIERRAS Y MUROS.....	28.841,01	27,90
2	INSTALACIONES.....	12.040,29	11,65
3	URBANIZACIÓN.....	21.789,68	21,08
4	PAVIMENTOS PARQUE INFANTIL.....	5.019,78	4,86
5	MOBILIARIO PARQUE INFANTIL.....	17.954,01	17,37
6	MOBILIARIO Y JARDINERÍA.....	14.822,22	14,34
7	GESTIÓN DE RESIDUOS.....	67,37	0,07
8	VARIOS.....	2.245,71	2,17
9	SEGURIDAD Y SALUD.....	600,00	0,58
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL		103.380,07	
	13,00% Gastos generales.....	13.439,41	
	6,00% Beneficio industrial.....	6.202,80	
	SUMA DE G.G. y B.I.	19.642,21	
	VALOR ESTIMADO DE CONTRATO (IVA EXCLUIDO)	123.022,28	
	21,00% I.V.A.....	25.834,68	
	TOTAL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (IVA INCLUIDO)	148.856,96	
HONORARIOS DE INGENIERO			
	Redacción de Proyecto 4,00% s/ P.E.M.....	4.135,20	
	I.V.A. 21,00% s/ proyecto.....	868,39	
	TOTAL HONORARIOS REDACCIÓN DE PROYECTO	5.003,59	
	Dirección de obra 4,00% s/ P.E.M.....	4.135,20	
	I.V.A. 21,00% s/ dirección.....	868,39	
	TOTAL HONORARIOS DIRECCIÓN DE OBRA	5.003,59	
	TOTAL HONORARIOS INGENIERO	10.007,18	
	TOTAL PRESUPUESTO PARA CONOCIMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN	158.864,14	

Asciende el presupuesto general a la expresada cantidad de CIENTO CINCUENTA Y OCHO MIL OCHOCIENTOS SESENTA Y CUATRO EUROS con CATORCE CÉNTIMOS

